**ACTA DA SESION CONSTITUTIVA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DIA 6 DE XULLO DE 2007.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as doce horas e cinco minutos do día seis de xullo do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, aos efectos de celebrar a sesión constitutiva, a Xunta de Goberno Local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia dos/as Tenentes de Alcalde Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey e Dna. María Anxos Díaz Prados. Non asiste, con escusa, D. Moisés Rivadulla Fernández. Asiste tamén a Interventora, Dª. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

**SESIÓN CONSTITUTIVA.-**

Aberta a sesión pola Presidencia, por esta sinálase que o único obxecto da convocatoria é proceder á sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local.

Pola Presidencia, á vista da asistencia da maioría absoluta dos integrantes da mesa, declárase constituída a Xunta de Goberno Local.

Acto seguido dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 412/2007 de data 03.07.2007, pola que se fixa o día e hora de celebración das sesións ordinarias de Xunta de Goberno Local, que copiada di:

*"En uso das atribucións que me outorga o artigo 112.3 do Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46 do Texto Refundido aprobado polo R.D. Lexislativo 781/86 do 18 de abril, e de acordo coa periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local estabelecida polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria celebrada o día 3 de xullo de 2007, pola presente,*

***RESOLVO:***

***Primeiro.-** Fixar o día e hora en que celebrará sesión ordinaria a Xunta de Goberno Local, que será o seguinte: o primeiro e terceiro xoves de cada mes, ás 9,00 horas. Se o día de celebración coincidise con día festivo, a sesión celebrarase o primeiro día hábil inmediatamente anterior.*

***Segundo.-** Desta Resolución darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre".*

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e sete minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e prace
O ALCALDE